

INFORME ANUAL PROGRAMA LEADER 2007-2013
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”
ANO 2009

INDICE:

1. ANTECEDENTES

2. ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

2.1. Órganos de goberno

2.1.1. Asemblea Xeral

2.1.2. Mesas Sectoriais

2.1.3 Xunta Directiva

2.2. Altas e baixas entidades asociadas durante o ano 2009

2.3. Xestión do Programa LEADER 2007-2013

2.4. Convenios de colaboración asinados con outras entidades durante o ano 2009

3. AVANCES NO PROGRAMA LEADER 2007-2013

3.1. Introducción

3.2. Actividades de Difusión do Programa LEADER

3.2.1. Reunións informativas nos concellos do ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos”

3.2.2. Outras actividades de divulgación do Programa LEADER

3.2.3. Asistencia a feiras: Divulgación do Programa LEADER

3.2.4. Comunicacóns dende o Blog da Asociación.

3.3. Cadro financeiro. Programa LEADER 2007-2013

3.4. Proxectos presentados ano 2009 Programa LEADER.

**4. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON OUTROS GRUPOS DE
DESENVOLVEMENTO RURAL**

5. DOSSIER DE PRENSA

6. RESUMO CONTAIS ANUAIS 2009

7. TAREFAS EN MARCHA NO ANO 2010

1. ANTECEDENTES

O día 16 de xuño de 2008 tense publicado no Diario Oficial de Galicia a resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se convoca o correspondente proceso de selección.

Nesta resolución se comunica que o Consello de Dirección de AGADER, acordou aprobar estas bases reguladoras para a selección e o recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión do Programa LEADER.

O día 29 de xaneiro de 2009, tense asinado entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” o Convenio de Colaboración para a aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural LEADER 2007-2013.

Este convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar as partes na xestión do Programa de Desenvolvemento Rural seleccionado polo acordo do Consello de Dirección de AGADER do 23 de decembro de 2008 e, en particular, as funcións e obrigas que asume o GDR como entidade colaboradora de AGADER de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” constituíse en xullo do 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación.

Esta Asociación recolle o testigo dos traballos en prol do Desenvolvemento Rural avanzados pola Fundación Comarcal de Betanzos e a Asociación Terra das Mariñas durante o período 2000-2006.

A Asociación ten como ámbito de actuación os municipios de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

Durante o ano 2008 foi elaborada unha “Estratexia de desenvolvemento rural”, de xeito participativo por todas as entidades do territorio que así o quixeron.

A estratexia de desenvolvemento concibida pola Asociación ten como obxectivo final a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social.

2.1. ORGANOS DE GOBERNO

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” réxese por unha Asemblea Xeral, organizada en Mesas Sectoriais, e unha Xunta Directiva elixida pola Asemblea.

2.1.1. A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano directivo da Asociación e está integrada por todas as entidades que forman parte dela. A Asemblea Xeral réunese con carácter ordinario unha vez ó ano co obxecto de avaliar o funcionamento de “Mariñas – Betanzos” e aprobar as contas anuais, así como os orzamentos para o vindeiro ano.

2.1.2. As Mesas Sectoriais

As asociacións integradas na Asemblea Xeral organízanse en Mesas Sectoriais, nas cales se poñen en común a problemática do sector que representan, coa finalidade de establecer posibles actuacións de mellora, e canalizando á Xunta Directiva aquelas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que o sector poida expoñer.

As mesas sectoriais constitúen a base da participación e difusión da información para as entidades que operan no territorio. Teñen como finalidade dinamizar sectorialmente ós actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, así como servir de canle informativo da Asociación.

Actualmente as Mesas Sectoriais están organizadas da seguinte forma: 1) Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo; 2) Mesa do sector forestal e da madeira; 3) Mesa de asociacións de mulleres; 4) Mesa de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís; 5) Mesa de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS; 6) Mesa de artesanía; 7) Mesa de asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza; 8) Mesa do sector de turismo e hostalería; 9) Mesa de asociacións de empresarios multisectoriais; 10) Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG’s; 11) Mesa do sector institucional; 12) Mesa das administracións locais; 13) Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura.

RELACIÓN DE REUNIÓNS CELEBRADAS POLAS MESAS SECTORIAIS DURANTE O ANO

2009

TÍTULO:	XORNADA NOVAS OPORTUNIDADES NO SECTOR AGRARIO
MESA SECTORIAL:	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
DATA:	07 de xullo de 2009
LUGAR:	Salón de actos do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo (Bergondo)
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	<p>Xornada: “Novas Oportunidades no Sector Agrario”. ORDE DO DÍA: O Programa LEADER: oportunidades para emprender:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O réxime de axudas - Posibles proxectos a impulsar dende o GDR <p>Proxectos Cooperación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mellora da comercialización das producións agroindustriais - Custodia do territorio e mellora ambiental. <p>Mesa Redonda: Proxectos en marcha no territorio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caracterización variedade de uva – “Branco lexítimo”: Fundación Juana de Vega. - A recuperación do cultivo de lúpulo. LUTEGA - Producción e comercialización ecolóxica: O exemplo de ALANDRA. - Agroalimentaria do Eume: Un modelo de comercialización agraria - A recuperación da Galiña Piñeira. AGALPI - As necesidades de produción de trigo-país. Asociación Panadeiros de Carral. - Proxectos de investigación en marcha no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. CIAM
MEDIOS DE DIFUSIÓN UTILIZADOS	<p>144 invitacións por correo ordinario a diferentes entidades da comarca (horticultores, viticultores, panadeiros, cooperativas.....)</p> <p>Correo electrónico ós socios/as e tecnicos/as de emprego.</p> <p>Envío nota de prensa ós diferentes medios de comunicación da comarca.</p> <p>Publicación no blog: http://gdr29.blogspot.com</p>
ASISTENCIA	32 persoas
FOTO	

TÍTULO	PRESENTACIÓN PROGRAMA LEADER 2007-2013 E OUTRAS ACTUACIÓNS EN MARCHA NO TERRITORIO
MESA SECTORIAL:	ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS
DATA:	23 de setembro de 2009
LUGAR:	Salón de actos do CEIDA (Castelo de Santa Cruz – Oleiros)
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	<p>ORDE DO DÍA: O Programa LEADER. O Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” (Fondo Europeo de Pesca): Liñas relacionadas co Medio Ambiente. Outros Programas no territorio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proxecto LIFE+ “Aqua Plann Project”: Xestión integrada dos recursos hídricos e a súa aplicación no planeamento local do L.I.C. Abegondo – Cecebre. - Proxecto Mándeo 2007-2013 - Proposta de creación da “Mesa da Auga” do territorio “Mariñas – Betanzos”.
MEDIOS DIFUSIÓN UTILIZADOS	<p>29 invitacións por correo ordinario a alcaldes e concelleiros de Medio Ambiente da Comarca Correo electrónico ós representantes da Mesa Sectorial do Medio Ambiente e socios/as de Mariñas - Betanzos</p> <p>Envío nota de prensa ós diferentes medios de comunicación da comarca.</p> <p>Publicación no blog: http://gdr29.blogspot.com</p>
ASISTENCIA	24 persoas
FOTO	 <p>The photograph shows a meeting in progress. Several people are seated at long white tables arranged in a U-shape. They are looking towards a large projection screen at the front of the room. The screen displays the logo of CEIDA (Comarca de Medio Ambiente de Oleiros) and some text. The room has blue curtains and a projector mounted on the ceiling.</p>

TÍTULO	PRESENTACIÓN PROGRAMA LEADER 2007-2013 E RECOLLIDA PROPOSTAS
MESA SECTORIAL:	ASOCIACIÓN DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAI E ANPAS
DATA:	01 de decembro de 2009
LUGAR:	Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	<p>ORDE DO DÍA: Informe situación Programa LEADER Presentación Imaxe Corporativa Asociación “Mariñas – Betanzos” Presentación de proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxectos de Cooperación: Convocatoria ano 2009 do Ministerio de Medio Ambiente, Y Medio Rural y Marino. • Proxectos presentados no Programa LEADER con rexistro de entrada. • Informe Programa Mandeo (2007-2012) <p>Xuntanzas informativas difusión do Programa LEADER Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (2010-2014) Informe Mesa da Auga Propostas para desenvolver proxectos en común dende a Mesa Sectorial O Programa EmpleaVerde 2007-2013.</p>
MEDIOS DIFUSIÓN UTILIZADOS	Correo electrónico ós representantes da Mesa Sectorial das Asociacións Deportivas, recreativas, de veciños, culturais e Anpas. Envío nota de prensa ós diferentes medios de comunicación da comarca. Publicación no blog: http://gdr29.blogspot.com
ASISTENCIA	11 persoas
FOTO	

Para o ano 2010 está previsto realizar convocatorias para outras mesas sectoriais.

2.1.2. A Xunta Directiva

A Xunta Directiva da asociación estará formada polos representantes das entidades asociadas organizadas sectorialmente e elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgou a cada unha delas.

É o máximo órgano executivo, reuníndose xeralmente unha vez ó mes, co obxecto de fixar as liñas concretas de actuación e aprobar ou denegar os Informes previamente verificados por AGADER dos Proxectos LEADER.

Na reunión da Xunta Directiva de 25 de maio de 2009, se procedeu ó cambio na Presidencia, cargo que ostentaba ata a data D. Juan José Rocha Carro, Alcalde do Concello de Abegondo ata esa data, e que ocupa actualmente D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde actual do Concello de Abegondo.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA:

Presidencia: D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo (Mesa do sector das Administracións Públicas).

Vicepresidencia: D. Cesar Longo Queijo, Alcalde de Paderne (Mesa do sector das Administracións Públicas).

Secretaría: Dna. Concepción Lema Torre. Asociación de Artesáns As Mariñas (Mesa do sector da artesanía).

Tesourería: Dna. Aida Pérez Barredo. Asociación de Empresarios de Culleredo (Mesa do Sector de Asociacións de empresarios multisectoriais).

VOGAIS PÚBLICOS:

Mesa do sector Institucional:

- D. Edmundo Varela Lema, en representación de Coeticor.
- D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación do Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña.

Mesa do sector das Administracións Públicas:

- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de Infraestruturas do Concello de Betanzos.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo do Concello de Cambre.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica do Concello de Culleredo.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros.

Mesa do sector da pesca, marisqueo, acuicultura:

- D. Andrés García Boutoureira, en representación da Confraría de Pescadores de Sada.

VOGAIS PRIVADOS:

Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo:

- D. Antón Sánchez García, en representación do Sindicato Labrego Galego.
- D. José Calo Faraldo, en representación da Cooperativa Agraria Provincial da Coruña S.C.G.
- D. José Manuel Amigo Santos, en representación da Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e comarca.

Mesa do sector forestal e da madeira:

- D. Benito García Sánchez, en representación da Asociación Provincial de la Industria de 1ª transformación de la madera de A Coruña.

Mesa do sector de Asociacións e colectivos de mulleres:

- Dna. Cruz Fernández González, en representación da Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller.

Mesa do sector Asociacións xuvenís e colectivos xuvenís:

- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da Asociación Xuventude e Natureza.

Mesa do sector Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, Anpas:

- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación de Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva.
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da Asociación O Rabo do Galo.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da Asociación Cultural “Cultura Aberta”.

Mesa do sector Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza:

- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxín Roxal.

Mesa do sector do turismo e da hostalería:

- D. Gerardo Romero Copo, en representación da Asociación de Hostalería de Culleredo.

Mesa do sector dos colectivos de interese social, discapacidade e ONG’s:

- Dna. Isabel Díaz García, en representación da Asociación de Parapléjicos y grandes minusválidos de Galicia (ASPAYM).
- D. José Francisco Hurtado Durán, en representación da entidade ONG Ecos do Sur.



Foto reunión Xunta Directiva

RELACIÓN REUNIÓN CELEBRADAS POLA XUNTA DIRECTIVA DURANTE O ANO 2009

DATA	LUGAR	ORDE DO DÍA
18/05/2009	Edificio sociocultural de A Senra (Bergondo)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación se procede, da acta da sesión anterior. 2. Novo representante do Concello de Abegondo 3. Novidades no Programa LEADER 2007-2013 4. Plan de Difusión para a posta en marcha do Programa LEADER 2007-2013 5. Aprobación dos criterios de baremación para a selección de proxectos da candidatura presentada en AGADER para participar no Programa LEADER Galicia 2007-2013 6. Plan de Cooperación na Rede Rural Nacional 7. Apertura prazo presentación de proxectos do Programa LEADER.
25/05/2009	Edificio Sociocultural de A Senra (Bergondo)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elección da Presidencia
14/07/2009	Aula Multimedia do Concello de Abegondo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación se procede, da acta da sesión anterior. 2. Proposta e aprobación se procede de adhesión novos socios e adscrición á mesa sectorial correspondente da A.D.R. "Mariñas – Betanzos" 3. Autorización baremo de proxectos LEADER por parte de AGADER 4. Publicación no DOG do prazo de presentación de proxectos LEADER 5. Formalización de póliza de crédito. 6. Adhesión á Declaración a favor do Monte Gallego "O Monte é a nosa vida, axúdanos a coidalo" 7. Proposta adhesión como socio á Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia 8. Actividades de difusión do Programa LEADER no mes de xuño 2009. <ul style="list-style-type: none"> - Reunións informativas do Programa LEADER - Información do Programa LEADER a posibles emprendedores por parte do Equipo Técnico. 9. Seguimento do Programa LEADER: Proxectos presentados. 10. Proxectos de Cooperación: Convocatoria ano 2009 do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. <ul style="list-style-type: none"> - Rede de paisaxes culturais e naturais. - Proxecto de Cooperación transnacional "Tecendo Redes". - Rede de espazos ambientalmente competitivos. Caracterización medioambiental para impulsar a competitividade das actividades e produtos asociados. 11. Programas en marcha no territorio <ul style="list-style-type: none"> - Plan de Dinamización do Produto turístico na Área Metropolitana de A Coruña - Programa Mandeo 2007-2010: Posta en valor dos cauces fluviais. 1ª fase Río Mandeo. - Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro" - Programa LIFE+ - Abegondo

13/10/2009	Aula Multimedia do Concello de Abegondo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, da acta da sesión anterior. 2. Informe de actividades 2.1. Proposta e aprobación se procede de adhesión de novos socios e adscrición á mesa sectorial correspondente da A.D.R. “Mariñas – Betanzos” 2.2. Proposta de sinatura dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, para a realización de prácticas de alumnos do máster oficial en dirección de proxectos. 2.3. Proposta de sinatura dun convenio de colaboración co Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”, para a xestión temporal do PEZ no marco do Eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013. 2.4. Informe sobre sobre solicitude á Delegación Territorial da Xunta de Galicia: Guía “Ruta pola Arquitectura de Rafael González Villar nas Mariñas Coruñesas”. 2.5. Proxectos de Cooperación: Convocatoria ano 2009 do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. 3. Informe actividades de difusión e proxectos 3.1. Seguimento do Programa LEADER 3.2. Actividades de difusión do Programa LEADER 3.2.1. Reunións do Programa LEADER en Concellos 3.2.2. Reunións Mesas sectoriais
24/11/2009	Oficina Técnica do Programa LEADER (Antiga Cámara Agraria) Abegondo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, da acta da sesión anterior 2. Seguimento do Programa LEADER 3. Rogos e preguntas
14/12/2009	Local Social de Santa Marta de Babilio (Concello de Bergondo)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, da acta da sesión anterior 2. Seguimento do Programa LEADER 3. Rogos e preguntas

2.2. ALTAS E BAIAS ENTIDADES ASOCIADAS 2009.

En relación ó número de asociados a 31 de decembro de 2009 hai 120 entidades agrupadas en 13 mesas sectoriais:

MESA SECTORIAL	Nº ENTIDADES
ADMINISTRACIÓNS LOCAIS	16
ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS	11
ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIAS, ANPAS	25
ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DE MULLERES	10
ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA	11
ASOCIACIÓNS XUVENÍS E COLECTIVOS XUVENÍS	2
COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S	14
MESA DA ARTESANIA	1
PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA	2
SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO	11
SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA	3
SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA	6
SECTOR INSTITUCIONAL	8

Durante o ano 2009 as entidades que causaron alta na Asociación son as que se detallan a continuación:

DATA INGRESO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
14/07/2009	Federación de Asociacións Empresariales de As Mariñas	Culleredo	Asociacións de Empresarios Multisectoriais
14/07/2009	Asociación Agroalimentaria do Eume	As Pontes	Sector Agrario, gandeiro e cooperativo
13/10/2009	Asociación de pais de persoas con T.E.A. da Provincia da Coruña (ASPANAES)	A Coruña	Colectivos de interese social, discapacidade e ONG's

Así mesmo as seguintes solicitudes aínda non teñen presentado a documentación completa, que lles foi requirida no mes de maio de 2009:

- Asociación de Empresarios de Abegondo (Abegondo)
- Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia – ADEGA (A Coruña)
- Asociación de Veciños Val de Veiga (Culleredo)
- Corpoc, S. Coop. Galega (Culleredo)
- ANPA Lagoa do IES de Viós (Abegondo)
- S.C.R.D. Peña Amigos de Lorbé (Oleiros)
- Asociación de Veciños de Castelo (Culleredo)
-

2.3. XESTIÓN DO PROGRAMA LEADER 2007-2013

No mes de marzo de 2009 iniciouse o procedemento de contratación de persoal para o equipo técnico do Programa LEADER.

O persoal laboral da Asociación “Mariñas – Betanzos” durante o ano 2009 foi o seguinte:

Xerente Programa LEADER: Jorge M. Blanco Ballón

Técnico de Dinamización e Sensibilización Programa LEADER: Federico López Viñas

Técnica de Proxectos: Concepción Bonome González

Auxiliar Administrativa: Isabel Eiriz Naveira

Informar a este respecto que, o técnico contratado para reforzar as actividades de difusión do Programa LEADER, apoiando tamén na xestión dos proxectos LEADER, Federico López, ten causado baixa voluntaria o día 30 de novembro de 2009 para incorporarse no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

2.4. CONVENIOS ASINADOS

2.4.1. Convenio entre a USC e a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” para a realización de prácticas de alumnos do Máster Oficial en Dirección de Proxectos.

Este convenio que se ten asinado no mes de setembro de 2009, tivo por obxecto establecer a colaboración de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado do Máster Oficial en Dirección de Proxectos da Universidade de Santiago de Compostela na Asociación “Mariñas – Betanzos”.

As prácticas foron desenvoltas por un alumno de dito Máster, na sede da Asociación entre o 15 de outubro e o 31 de decembro de 2009, cun total de 400 horas, sendo a tarefa principal a de apoiar na execución e xustificación do proxecto de cooperación financiado polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2009): “Red de Espacios Ambientalmente Competitivos (REAC)”.

2.4.2. Convenio de Colaboración entre o Grupo de Acción Costeira (GAC nº 2) “Golfo Ártabro”, a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” e a “Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos” para a xestión temporal do Plan Estratégico Zonal (PEZ) no marco do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013.

Este convenio que se ten asinado no mes de outubro de 2009, tivo por obxecto establecer as condicións e obrigas que asumen a ADR “Mariñas – Betanzos”, a Fundación Comarcal de Betanzos e o “Golfo Ártabro” para a posta en marcha da xestión do Plan Estratégico Zonal, sendo o seu ámbito territorial os Concellos de Narón, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo e Arteixo.

A vixencia deste convenio foi dende o 01 de setembro de 2009 ata o 31 de decembro de 2009, e as tarefas a realizar polo Equipo Técnico de “Mariñas – Betanzos” entre outras, foron as que se detallan a continuación:

- Tarefas de animación, difusión, lanzamento, promoción e sensibilización sobre o Programa Grupo Acción Costeira.
- Tarefas de xestión do Plan Especial Zonal correspondentes ó Equipo Técnico.
- Tarefas de apoio á presidencia para o funcionamento do GAC e das relacións externas.
- Apoio na presentación de proxectos por parte dos promotores/promotoras.

3. AVANCES NO PROGRAMA LEADER 2007-2013

3.1. INTRODUCCIÓN

No mes de setembro de 2008, a Asociación “Mariñas – Betanzos” ten publicado a súa Estratexia onde se desenvolve a metodoloxía de traballo para a posta en marcha do Programa de Desenvolvemento Rural Leader 2007-2013.

Este documento que foi publicado e distribuído entre todos os socios/as da Asociación “Mariñas – Betanzos” foi o primeiro paso para dar a coñecer o Programa LEADER no ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos”. O obxectivo que se perseguíu foi difundir a diagnose e a estratexia plantexada polo G.D.R. para o novo Programa LEADER, e por outra banda presentar a metodoloxía empregada na elaboración do mesmo.

Así nesta publicación, está detallado o Plan de Difusión a seguir pola Asociación “Mariñas – Betanzos”. As actividades de difusión teñen como obxectivo dar a coñecer e aproximar ó Programa LEADER tanto á poboación en xeral, como as persoas potencialmente beneficiarias.

Os obxectivos xerais que se perseguen co Plan de Difusión, son:

- Lanzamento do Programa LEADER 2007-2013.
- Acercar a existencia da Estratexia de desenvolvemento (2007-2013).
- Recordar anualmente a existencia de liñas de axudas para proxectos.
- Difundir entre a poboación a existencia da Asociación, abrindo as súas portas á colaboración e facéndoa participe da problemática territorial identificada, así como das potencialidades que presenta o territorio.
- Motivar, sensibilizar e involucrar á poboación nesta iniciativa de desenvolvemento facéndoos partícipes e protagonistas deste proceso.

A posta en marcha do Programa LEADER:

- Publicación da apertura do prazo para presentar solicitudes de axuda. Publicación no DOG.
- Posta en marcha dunha páxina web da Asociación.
- Na Oficina Técnica do LEADER (sinalizada segundo normativa FEADER), está a disposición do público en xeral información escrita sobre o Programa; Réxime de Axudas, procedemento de xestión do Programa, criterios de baremación de proxectos, cun taboleiro de anuncios con toda a


información actualizada do Programa, das axudas dispoñibles no marco deste, as normas do GDR para a xestión do Programa, as convocatorias e demais información relevante.


- Posta en marcha do blog da Asociación “Mariñas – Betanzos” con toda a información actualizada do Programa LEADER.
- Se contratou tamén a imaxe corporativa da Asociación, así como a edición de diverso material promocional:
 - A) Creación da imaxe corporativa e do manual de identidade corporativa.
 - Deseño e creatividade da imaxe corporativa.
 - Logotipo
 - Manual de Identidade Corporativa
 - B) Traballos de imprenta:
 - 6.000 trípticos informativos do Programa LEADER
 - 500 “Guías para Emprender”
 - 350 carteis informativos do Programa LEADER
 - Impresión papelería da Asociación co Programa LEADER:
 - 5.000 papel-carta ; 5.000 sobres ; 1.000 tarxetas de visita; 1.000 carpetillas
 - Outros:
 - 1.100 bolígrafos; 100 pen-drive; 300 mapas do territorio
 - Impresión sinalética: Placa exterior Oficina Técnica, cos logotipos das administracións financiadoras (Unión Europea-FEADER, Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e AGADER) e o nome do GDR, así como o lema Feader: Europa inviste no rural.
 - C) Deseño e creación da páxina web
 - D) Material feiras:
 - Edición dun Plotter informativo sobre o Programa LEADER,
 - Stand portatil, co obxecto de levar ás diferentes feiras comarcais, nacionais que poidan xurdir durante a execución do Programa.


Este material foi presentado publicamente ó medios de comunicación e ós socios/as da Asociación “Mariñas – Betanzos”.

3.2. ACTIVIDADES DIFUSIÓN PROGRAMA LEADER

3.2.1. Reunións informativas nos concellos do ámbito territorial de Mariñas – Betanzos

TITULO:	CHARLA INFORMATIVA PROGRAMA LEADER 2007-2013
CONCELLO:	CULLEREDO
DATA:	03 de xuño de 2009
LUGAR:	Sala de Xuntas do Concello Culleredo
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	<p>Programa LEADER 2007-2013</p> <ul style="list-style-type: none">• Metodoloxía LEADER• Asociación “Mariñas – Betanzos”• Estratexia do GDR• Liñas de subvención• Baremación de proxectos• Entrega Guía de Emprender e información ós promotores.• Contestación a dúbidas <p>Presentación de posibles proxectos do Concellos</p> <ul style="list-style-type: none">• Planta de pretratamento de biomasa <p>Ideas de proxectos das Asociacións:</p> <ul style="list-style-type: none">- Asociación Cultural Recreativa “O Ponte de Boedo”<ul style="list-style-type: none">• Miradoiro Monte de Boedo• Recuperación dun muíño, no lugar da Farrapa• Centro Social de Boedo, Romaría, Memoria (44 veciños)- Asociación San Cosme<ul style="list-style-type: none">• Recuperación do entorno da Ermida de San Cosme para merendeiro.• Xacemento arqueolóxico de Bregua.
MEDIOS UTILIZADOS	A Concellería de Promoción Económica do Concello de Culleredo encargouse directamente da difusión desta charla.
ASISTENCIA	10 Asociacións: Culturais, recreativas e deportivas e Asociacións de comerciantes.
FOTO	


TÍTULO	CHARLA INFORMATIVA PROGRAMA LEADER 2007-2013
CONCELLO:	CULLEREDO
DATA:	14 de setembro de 2009
LUGAR:	Salón de Plenos do Concello de Culleredo
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	Charla informativa Liñas de axuda Programa LEADER. Liñas de axuda do Fondo Europeo de Pesca. GAC “Golfo Ártabro”
MEDIOS UTILIZADOS	83 invitacións por correo ordinario a diferentes entidades da comarca (empresarios, asociacións....) Correo electrónico ós socios/as e técnicos/as de emprego. Envío nota de prensa ós diferentes medios de comunicación da comarca. Publicación no blog: http://gdr29.blogspot.com
ASISTENCIA	18 persoas representando a diferentes empresas e asociacións do concello.
FOTO	


TÍTULO:	CHARLA INFORMATIVA PROGRAMA LEADER 2007-2013
CONCELLO:	ARANGA
DATA:	16 de setembro de 2009
LUGAR:	Local anexo o CEIP A Castellana
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	Charla informativa Liñas de axuda Programa LEADER.
MEDIOS UTILIZADOS	24 invitacións por correo ordinario a diferentes entidades da comarca (empresarios, asociacións....) Correo electrónico ós socios/as e técnicos/as de emprego. Envío nota de prensa ós diferentes medios de comunicación da comarca. Publicación no blog: http://gdr29.blogspot.com
ASISTENCIA	11 persoas representando a diferentes empresas e asociacións do Concello.
FOTO	

TÍTULO:	CHARLA INFORMATIVA PROGRAMA LEADER 2007-2013
CONCELLO:	PADERNE
DATA:	30 de setembro de 2009
LUGAR:	Salón de Plenos do Concello de Paderne
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	Charla informativa Liñas de axuda Programa LEADER. Liñas de axuda do Fondo Europeo de Pesca. GAC “Golfo Ártabro”
MEDIOS UTILIZADOS	O Concello de Paderne encargouse da difusión da Charla.
ASISTENCIA	25 persoas representando a diferentes empresas e asociacións do Concello.
FOTO	


TÍTULO:	CHARLA INFORMATIVA PROGRAMA LEADER 2007-2013
CONCELLO:	SADA
DATA:	05 de outubro de 2009
LUGAR:	Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	Charla informativa Liñas de axuda Programa LEADER. Liñas de axuda do Fondo Europeo de Pesca. GAC “Golfo Ártabro”
